

Dspace da Universidade de Santiago de Compostela

<http://dspace.usc.es/>

Instituto da Lingua Galega

F. Dubert García (2010): “Sobre o lugar do xénero na gramática do galego”,
Estudos de Lingüística Galega 2, 57-74.



You are free to to copy, distribute and transmit the work under the following conditions:

- **Attribution** — You must attribute the work in the manner specified by the author or licensor (but not in any way that suggests that they endorse you or your use of the work).
- **Noncommercial** — You may not use this work for commercial purposes.
- **No Derivative Works** — You may not alter, transform, or build upon this work.



INSTITUTO DA LINGUA GALEGA

<http://ilg.usc.es/>

Sobre o lugar do xénero na gramática do galego

Francisco Dubert García

Instituto da Lingua Galega, Universidade de Santiago de Compostela

Para Lilí Díaz Rivas e Ángela Trillo Díaz, ben saben elas por que.

Recibido o 26/05/2009. Aceptado o 20/01/2010

On the place of gender in Galician grammar

Resumo

Neste traballo tentarei mostrar a natureza sintáctica do xénero nos substantivos galegos. O xénero en galego non é un morfema ou un tipo de significado, senón unha categoría morfosintáctica inherente, cuxa función é establecer estruturas de concordancia. Este feito introduce o xénero na representación sintáctica das palabras e fai necesario consideralo unha categoría flexiva. É certo que nalgúns substantivos coma *nenno* ~ *nenha* ou *lobo* ~ *loba*, que denotan seres animados, existe unha ligazón produtiva entre a información de xénero e a información conceptual de sexo, e que estas ligazóns poderían ser introducidas por procesos de formación de palabras derivativos; porén, eu defendo a postura de que estes feitos non afectan á natureza basicamente sintáctica e flexiva da categoría. Para poder soste-lo esta posición, analizarei o comportamento do xénero nos denominados procesos de neutralización do xénero, e mostrarei que tal neutralización é semántica, non sintáctica nin flexiva.

Palabras chave

Galego, flexión, xénero, neutralización

Sumario

1. Introducción. 2. Marco teórico. 2.1. A Hipótese de Separación. 2.2. Léxico e gramática. 3. O lugar das propiedades morfosintáticas Masc e Fem na gramática. 4. As relacións de 'macho' ~ 'femia' con Masc ~ Fem. 5. Xénero e sexo. As neutralizacións. 6. Conclusións.

Abstract

This paper explores the syntactic nature of gender in Galician nouns. Gender in Galician is neither a morpheme nor a kind of meaning, but an inherent morphosyntactic category whose function it is to establish agreement structures. This fact introduces gender into the syntactic representation of words, making it necessary to consider it an inflectional category. In some nouns which denote animate beings, such as *nenno* ~ *nenha* ('boy' ~ 'girl') or *lobo* ~ *loba* ('male wolf' ~ 'female wolf'), there is a productive link between syntactic information about grammatical gender and conceptual information about sexual identity that might be formulated in terms of rules of lexical derivation, yet I argue that this does not affect the basically syntactic and inflectional nature of the category. In support of this position I analyze the behaviour of gender under so-called gender neutralization, which I show to be a semantic, not a syntactic or inflectional process.

Keywords

Galician, inflection, gender, neutralization

Contents

1. Introduction. 2. Theoretical frameworks. 2.1. The Separation Hypothesis. 2.2. Lexicon and grammar. 3. The place of the morphosyntactic properties Masculine and Feminine in grammar. 4. The relationship between 'male' ~ 'female' and Masculine ~ Feminine. 5. Gender and sex. Neutralization. 6. Conclusions.

Este traballo realizouse no seo do proxecto "Estudio dialectométrico de las variedades dialectales del gallego", financiado polo Ministerio de Educación y Ciencia (HUM2006-06907).

1. INTRODUCCIÓN

Nalgúns substantivos referidos a seres animados pode establecerse unha relación clara entre xénero e sexo; tamén existe en moitos destes substantivos unha certa regularidade entre o xénero/sexo e a expresión formal. Estas relacións escurecen, ó meu xuízo, a función principal do xénero no galego e, polo tanto, o establecemento da súa natureza principal, que é a que lle dá unidade a unha categoría asociada a diversos contidos conceptuais ou a ningún, e asociada a diversas expresións formais ou a ningunha.

En definitiva, o feito de que se prime o estudo dos problemas concretos que o xénero levanta nun grupo moi concreto de palabras (maioritariamente, as palabras referidas a algúns seres animados sexados) conduce a que se organice a explicación e reflexión sobre o status do xénero a partir deste grupo concreto de palabras: unha explicación e unha reflexión construída e organizada sobre a excepción, máis ca sobre a regra. Pretendo, polo tanto, reflexionar sobre o máis obvio: a función constante do xénero e, polo tanto, o seu status básico na gramática; creo que só tendo en conta cal é o papel real do xénero na gramática se poden dar os pasos seguintes: a relación entre xénero e os contidos conceptuais, dun lado, e a análise morfolóxica da expresión do xénero. Para isto, primeiro presento o meu marco teórico (§ 2); a seguir, reflexiono sobre o lugar que o xénero ocupa na gramática do galego (§ 3); despois, medito sobre as relacións entre a información sintáctica de xénero e a semántica de sexo nalgúns substantivos referidos a seres animados (§ 4); acto seguido, abordo o valor explicativo da chamada neutralización de xénero á hora de ilustrar a miña posición (§ 5); acabo indicando unhas breves conclusións (§ 6).

En todo caso, este traballo pretende abordar algunhas cuestións que considero previas a unha análise do fenómeno do xénero en galego.

2. MARCO TEÓRICO

2.1. A Hipótese de Separación

O marco teórico en que me inspiro é a Hipótese de Separación (doravante HS; véxase Beard 1987). Este marco distingue morfemas e lexemas: só os lexemas son verdadeiros signos, unidades que achegan a un tempo información sintáctica, conceptual e fonolóxica; os morfemas son formantes fonolóxicos carentes de significado e función sintáctica. Beard define lexema e morfema nos seguintes termos¹:

Assume lexeme L, a mutually implied triplet, P, F, R, where P = a prespecified nonnull phonological matrix, F = a feature inventory specifying lexical and syntactic categories, and R = all knowledge of projected world reference associated with P.

[...] A morpheme, M, is a(ny) modification of P (Beard 1987: 31).

Polo tanto, un lexema para Beard é unha entidade similar a unha forma de palabra, un elemento que contén unha representación fonolóxica, outra sintáctica e outra conceptual. O elemento teórico máis destacado da HS é que as regras de derivación e de flexión, coñecidas como regras léxicas, afectan directamente o nivel de representación conceptual e o nivel de representación sintáctica; os morfemas, cadeas de fonemas, non teñen en por si poder flexivo ou derivativo e só serven para representar os resultados das regras léxicas. Os morfemas deixan de considerarse signos mínimos e carecen de significado ou función constantes, pois un e outra dependen do contexto: é a palabra enteira, o lexema, quen transmite o significado

¹ Este uso do termo lexema non se corresponde con outros usos habituais en morfoloxía: a unidade conceptual común, etiquetada sintacticamente, que agrupa *como*, *comes*, *comera* (Matthews 1991), por exemplo.

completo; son as regras léxicas as que dan función e significado a un morfema nun contexto concreto. En palabras de Aronoff:

The morpheme is not the basic unit of language and [...] morphology and syntax are not one and the same. Morphology is not a matter of concatenation of morphemes in a lexeme-based morphology but rather the complex process by which abstrac morphosyntactic representations are realized morphophonologically (Aronoff 1994: 9).

A versión da HS que manexarei aquí está tinxida polas ideas de Jackendoff (2002) e Culicover e Jackendoff (2005). A gramática consta de tres compoñentes xerativas: a conceptual, a sintáctica e a fonolóxica. Cada unha destas compoñentes dá orixe, dun lado, ás súas propias representacións e, doutro, a representacións que resultan das relacións que se establecen entre as tres compoñentes. O lexicón é resultado dunha interface entre as compoñentes conceptual, sintáctica e fonolóxica. Unha representación completa da estrutura dunha forma de palabra debe conter información dos tres niveis. Unha diferenza entre a HS tal e como a presenta Beard e a teoría que aquí manexo é que ningunha das compoñentes teñen precedencia sobre as outras: tódalas estruturas actúan e se xeran á vez, de modo que non se produce primeiro unha modificación no nivel conceptual, ou no sintáctico ou no fonolóxico que teña repercusións posteriores nos outros niveis. Deste xeito, non se pode dicir que a engádegas dun sufixo /xyz/ produza un cambio na representación conceptual ou sintáctica, nin que un cambio na representación sintáctica produza modificacións en calquera das outras dúas. Do mesmo xeito, non existe un tipo de representación autónoma conformada só pola representación conceptual e a representación sintáctica; o que existen son representacións fonolóxicas, sintácticas e conceptuais, todas ligadas entre si (véxase Culicover e Jackendoff, 2005: 158-163).

A morfoloxía flexiva xorde da interacción entre as propiedades morfosintácticas e a fonoloxía, pois a presenza de determinadas propiedades morfosintácticas determinando unha categoría léxica acostuma a estar correlacionada con diferentes tipos de estruturas fonolóxicas nas formas de palabra. As propiedades morfosintácticas non constitúen significados gramaticais, non son o significado gramatical do verbo nin do lexema verbal, senón que colaboran, xunto coa fonoloxía, na expoñencia de elementos conceptuais. Polo tanto, as propiedades morfosintácticas, elementos da mesma natureza sintáctica cá etiqueta V, manteñen tamén relacións de interface co mundo do significado. En (1a) mostro unha representación parcial da estrutura da forma verbal *serán* na oración *As eleccións serán mañá* e en (1b) a representación correspondente a *serán* na oración *Agora serán as sete da tarde*:

(1)	a)		b)
	rep. conceptual:	“futuro, real, certeza”	“presente, real, incerteza” ²
	rep. sintáctica:	V [Indicativo Futuro]	V [Indicativo Futuro]
	rep. fonolóxica:	/seraŋ/	/seraŋ/

Como se ve, nada cambia nas representacións sintáctica e fonolóxica da palabra; só cambia a representación conceptual. Isto demostra un certo nivel de independencia entre as propiedades morfosintácticas e as propiedades conceptuais e unha maior ligazón entre as propiedades morfosintácticas e os expoñentes morfolóxicos; e demostra que as relacións entre os niveis de representación se poden producir de diferentes xeitos. Este é un punto importante: a teoría non precisa que se dea isomorfismo entre os diferentes niveis de representación, xa que permite, poño por caso, que unha estrutura conceptual estea asociada a varias estruturas sintácticas. Pensemos, por exemplo, na oración *quero ir fronte a quere que vaias*. No primeiro caso, os actantes dos predicados *querer* e *ir* son o mesmo, o predicado *ir* aparece en infinitivo,

² Ofrezco aquí versións moi simplificadas dos modelos de representación conceptual e sintáctica que defenden Jackendoff (2002) e Culicover e Jackendoff (2005).

sen suxeito expreso e sen ningún tipo de propiedades morfosintácticas de número, persoa, modo (a non ser Inf) ou tempo... No segundo caso, os actantes dos predicados *querer* e *ir* son distintos; o verbo *ir* vai precedido dunha conxunción completiva *que* e determinado con propiedades de modo, tempo, número e persoa. Unha determinada representación sintáctica determina a forma fonolóxica; e é o feito de compartir ou non actante (información conceptual) o que determina unha forma de representación sintáctica ou outra. A seguir quero defender e ilustrar esta proposta teórica.

2.2. Léxico e gramática

Como xa sinalei, na tradición gramatical galega é habitual manter unha división forte e clara entre o léxico e a gramática. Esta división, con todo, non é tan clara como adoita pensarse, pois o léxico recolle unha importante cantidade de *información gramatical*. Aronoff (1994: 22) define seguindo a tradición bloomfieldiana o lexicón como “the list of all idiosyncratic signs, regardless of their category or complexity”. Como veremos, as idiosincrasias non son só as que xorden ó relacionarmos un significado e un significante (o que se denomina a *arbitrariedade do signo lingüístico*), senón tamén os elementos fonolóxicos, sintácticos ou conceptuais imprevisibles nun determinado contexto e que deben aparecer especificados nunha determinada entrada léxica. De feito, Culicover e Jackendoff consideran que debe figurar no lexicón todo aquilo que non é explicable mediante regras completamente produtivas: “In our view, what the lexicon should not include is material that can be freely constructed online through fully productive rules” (2005, p. 188). Isto permítenos afirmar que o léxico está preñado de información gramatical.

A imbricación entre léxico e gramática apréciase ben nun verbo coma *ver*, de conxugación irregular, i.e., con formas de palabra imprevisibles a partir das propiedades morfosintácticas que determinan o verbo: *ver* presenta un tema /beʃ/ na P1 Sing Ind Pres e en todo o Subx Pres (*vexo, vexa, vexas*); /be/ nas restantes formas do Ind Pres, no Inf, no Xer (*ves, ve, vemos, ver, vendo*); /bi/ no Ind Pret (*vin, viches*), CoPret (*vía, vías*), AntPret (*vira, viras*) e Subx Pret (*vise, vises*); e /bis/ no Part (*visto*). Todas estas particularidades formais deben estar lexicamente codificadas, pois afectan a palabra *ver* e non, por exemplo, *ler, ser, ter, crer, beber*. De feito, é posible que haxa que pensar que o complexo {‘ver’ V} conta con todos estes temas almacenados no lexicón, de modo que:

- (2) se {‘ver’ V[P1 Sing Ind Pres] ou V[Subx Pres]}, logo /beʃ/
 se {‘ver’ V[AntPret] ou V[Ind Pret] ou V[Subx Pret] ou V[CoPret]}, logo /bi/³
 se {‘ver’ V[Part]}, logo /bis/
 se {‘ver’ V[no resto]}, logo /be/

Todas estas representacións mesturan, como vemos, información conceptual (‘ver’), sintaxe (a etiqueta V e as propiedades morfosintácticas) e fonoloxía (/beʃ/, /bi/, /bis/, /be/). De acordo coas definicións de lexicón que ofrecín arriba, é lóxico supor que todos estes temas estean listados no lexicón relacionados a través dalgún tipo de regra de redundancia léxica que dea orixe á entrada léxica que mostro en (3):

- (3) representación conceptual: ‘ver’_N
 representación sintáctica: V_N
 representación fonolóxica: /beʃ/_N, /bi/_N, /bis/_N, /be/_N

³ No caso da expresión do CoPret de *ver*, o grao de abertura da vogal en /bi/ está correlacionado coa propiedade [CoPret] coma en tódolos verbos da C-II, polo que neste caso /bi/ podería ser derivable por regra e non estaría almacenado no lexicón: *comía, bebía, collía*, etc.

En (3) presento a estrutura da entrada léxica de *ver* que contén información sobre a representación conceptual (escrita entre comiñas simples), a representación sintáctica (escrita abreviada con inicial maiúscula) e a representación fonolóxica (en transcripción fonémica). O subíndice que comparten os ítems en cada nivel de representación indica que a entrada léxica se constitúe ó cruzárense os tres tipos de información. Tamén debe estar almacenada a información das condicións que sinaléi en (2), de modo que a representación /bej/ debe aparecer ligada dalgún modo a 'ver', a V, e a [P1 Sing Ind Pres]. En (4) propoño un sistema de representar esta relación:

- (4) 'ver'
[V [P1 Sing Ind Pres] ou [Sub Pres]]
/bej/

Como vemos en (4), o tema /bej/ está asociado tanto a 'ver' na representación conceptual coma a V e a [P1 Sing Ind Pres] ou [Sub Pres] na representación sintáctica. Non figura información conceptual sobre o modo e o tempo porque esta se adquire no contexto⁴; a irregularidade de *ver* é só fonolóxica.

A fronteira pouco nítida entre léxico e gramática tamén aparece se nos centramos nas relacións que establecen a representación conceptual e a sintáctica. Debido ó seu significado, o concepto 'comer' presenta un marco predicativo que esixe un axente e un tema: *alguén come algo*; estes papeis semánticos relaciónanse con unidades sintácticas que, no caso de *comer*, son FNs seleccionadas polo *marco de subcategorización* da etiqueta V: unha FN relacionada co papel axente e outra FN relacionada co papel tema. Outros verbos, cunha estrutura conceptual semellante, un axente e un tema, rexen estruturas sintácticas distintas: *consistir* asocia o tema cunha FPrep introducida por *en*, *consiste niso*.

Estes feitos ilustran a dificultade de trazar unha fronteira nítida entre o léxico e a gramática: o léxico, incluso cando este termo se refire só ó nivel conceptual, está preñado de gramática. Isto verase máis claro no estudo do xénero en que, como veremos, é unha propiedade sintáctica dos substantivos que, a través de relacións de interface, pode ser parasitada pola compoñente conceptual.

3. O LUGAR DAS PROPIEDADES MORFOSINTÁCTICAS MASC E FEM NA GRAMÁTICA

Non é ningunha novidade afirmar que tódolos substantivos galegos teñen obrigatoriamente un xénero; incluso as palabras tomadas doutros idiomas (*o karaoke, o karate, a Gestalt*) son adaptadas ó galego axuntándolles un xénero, aínda que, coma nos préstamos tomados do inglés (*o windsurf, o PC, o rock*), sexan substantivos que carecen desta categoría na lingua orixinaria. Nas descrições habituais⁵ indícase que nalgúns substantivos referidos a seres sexuados masculino *significa 'macho' en home, neno ou muradán, e feminino significa 'femia' en muller, nena e muradá*. Porén, consideremos detidamente que *significa a expresión "masculino significa 'macho' en neno; feminino significa 'femia' en nena"* ou a expresión non

⁴ Esta é unha forma de falar perigosa: realmente, non debería dicir que *a información conceptual se adquire no contexto*, pois isto viría a significar que (4) é unha estrutura que debe ser semanticamente interpretada, o que significaría que lle dou preeminencia á representación fonolóxica e á sintáctica fronte á conceptual... O que quero dicir é que (4) está dalgún modo subespecificado no lexicón para a información conceptual de tempo, modo e aspecto; cando (4) aparece usado nunha oración tal coma *véxote hoxe* ou outra tal coma *véxote mañá*, os contidos conceptuais modais, temporais e aspectuais están copresentes ó lado dos sintácticos e fonolóxicos. O emisor tenos na cabeza no momento de producir o enunciado e o receptor debe deducilos dos datos do contexto.

⁵ Por exemplo: "O termo fem. da oposición, o intensivo ou marcado, significa constantemente 'sexo feminino'; o termo masc., o extensivo, significa o 'sexo masculino', ou a indiferencia á oposición" (Álvarez / Xove 2002: 394).

completamente semellante de Vieira (2003: 929): “Quando associado a un nome animado, o masculino refere geralmente uma entidade de sexo masculino [...], e o feminino refere uma entidade de sexo feminino”.

Se masculino e feminino *significan* ou *referem* algo, cabe preguntar: ¿é *masculino* un significante? Tomemos outra vez a palabra *nenos*: ¿é nela *masculino* un significante con respecto a ‘macho’?, e ¿é *masculino* un significado con respecto a -/o/? De feito, *masculino* e *feminino* veñen sendo considerados *significados gramaticais* na nosa tradición lingüística, oposto a ‘nenos’, que vén sendo considerado *significado léxico*. Deste modo, a expresión *o nenos* tería como significados léxicos ‘ser humano inmaturo’ + ‘macho’ e ‘masculino’ como significado gramatical; a expresión *o carro* tería só o significado léxico ‘carro’ e o significado gramatical ‘masculino’.

A miña resposta será que *masculino* debe ser considerado un contido *sintáctico* e ‘macho’ un contido *conceptual* ou *semántico*; polo tanto, se *masculino* é un contido sintáctico, o morfo /o/ de *nenos* pódese relacionar con dous *contidos*: o sintáctico *masculino* e o conceptual *macho*. Isto sitúa o xénero completamente fóra do mundo do significado e sitúao, como veremos, no mesmo lugar ca entidades coma *substantivo*, *frase nominal* ou *suxeito*.

A razón desta proposta non é nova e aparece en calquera gramática: o xénero, en tanto que categoría morfosintáctica relacionada coa *concordancia*, permite marcar que elementos constitúen unha determinada unidade sintáctica, por exemplo, a extensión dunha FN. Ese é o seu cometido principal e mantense *sempre*: masculino é o único elemento constante nunha lista formada por substantivos coma *home*, *nenos*, *mullerón*, *cancelo*, *machado*, *queixo*, *día*, *papel* e *pardal*. Todos e cada un destes substantivos seleccionan determinantes e modificadores flexionados para o masculino: *un home inmenso*, *un nenos inmenso*, *un mullerón inmenso*... O mesmo vale para feminino nunha listaxe coma *muller*, *nena*, *machada*, *queixa* e *dor*. Estes feitos mostran que as propiedades morfosintácticas masculino e feminino son entidades cunha natureza primariamente sintáctica: serven *sempre* para crear relacións de concordancia, que *nunca* deixan de producirse⁶. Dadas as convencións que sigo, en tanto que etiquetas sintácticas, deben escribirse sempre abreviadas con inicial maiúscula: *masculino* como Masc e *feminino* como Fem. E, como xa sinaléi, entanto que etiquetas sintácticas, son propiedades que determinan outras etiquetas sintácticas, tales coma Subs, Adx, Pron... e non entidades conceptuais tales coma ‘ser humano’, ‘macho’, ‘femia’.

O feito de que o xénero veña lexicamente determinado, i.e., que palabras coma *fonte*, *casa*, *dor* teñan xénero Fem mentres que palabras coma *leite*, *mullerón*, *mar* teñan xénero Masc, non é impedimento para que estas propiedades sexan consideradas sintácticas: o léxico encapsula moita información sintáctica, como, para empezar, a información sobre a clase de palabra. Tampouco o feito de que ás veces, nalgúns elementos (non en todos) dunha clase semántica, poidamos correlacionar unha propiedade de xénero cun valor conceptual (Masc con ‘macho’ e Fem con ‘femia’) impide a consideración das propiedades morfosintácticas como entidades eminentemente sintácticas. En primeiro lugar, a concordancia non se produce ás veces, senón sempre; en segundo lugar, que un elemento conceptual teña unha relación estreita con outro elemento sintáctico non significa que para delimitar ou definir o segundo teñamos que ter en conta o primeiro: ‘axente’, propiedade conceptual, acostuma a relacionarse con Sux, ‘tema’ con CD, e non por iso dicimos que Sux ou CD sexan propiedades conceptuais nin que cumpra describilas desde un punto de vista conceptual.

Anderson (1988: 167-168; 1992: 82-83; en Stump 1998: 21-26 aparece unha clasificación similar) sinala que as propiedades morfosintácticas poden agruparse en catro categorías dife-

⁶ Segundo Emilio Alarcos: “Es preferible considerarlo como un accidente que clasifica los sustantivos en dos categorías combinatorias diferentes, sin que los términos *masculino* o *femenino* prejuzguen ningún tipo de sentido concreto. Funcionalmente, el género es un mero indicio de ciertas relaciones del sustantivo con otras palabras del enunciado” (1994: 62).

rentes: a) propiedades de configuración, que son asignadas en función da estrutura sintáctica superior en que unha palabra A se integra: en latín, un substantivo que ocupe a posición núcleo da FN suxeito dunha oración terá a propiedade Nominativo e un substantivo que ocupe a posición de núcleo da FN complemento dunha FV terá a propiedade Acusativo; b) propiedades de concordancia, que se lle asignan a unha palabra A en referencia ás propiedades doutra palabra B situada dentro da mesma estrutura sintáctica: un adxectivo (A) que funcione de modificador dun substantivo (B) dentro dunha FN concordará en xénero e número; c) propiedades de frase, que se asignan ós dominios das frases e que se realizan dentro dunha das palabras que aparecen nesa proxección: as propiedades Ind Pret en *comín queixo* permiten inserir este verbo nunha oración principal; e d) propiedades inherentes, que son características predeterminadas nunha entrada léxica concreta e que deben ser accesibles ás regras de concordancia. Precisamente, Masc e Fem nos substantivos son propiedades deste último tipo. Mentres que as propiedades de configuración, de concordancia e de frase só poden aparecer en contextos sintácticos concretos e non figuran na representación léxica básica, as propiedades inherentes forman parte da información impredicible que constitúe a entrada léxica, polo que están lexicamente determinadas. Son ademais de natureza sintáctica pois deben ser vistas pola sintaxe, xa que son disparadoras das regras sintácticas de concordancia. Segundo a proposta de Anderson (1988 e 1992), este feito de que a flexión de xénero sexa relevante para a sintaxe pon de manifesto que a categoría morfosintáctica xénero debe ser considerada flexiva e non derivativa. Unha idea importante que me gustaría reiterar agora é que, neste marco, unha propiedade morfosintáctica inherente é considerada flexiva pola función sintáctica que realiza e non porque sexa adquirida en ningún proceso flexivo previo nin porque remita a un contido conceptual.

Polo tanto, neste estudo as propiedades morfosintáticas Masc e Fem son consideradas elementos lingüísticos de natureza sintáctica que se localizan no ámbito da palabra e que se sitúan no plano da flexión, sen que por isto último teñan que ser necesariamente adxudicadas por un proceso calquera que modifique unha entrada léxica preexistente non especificada en canto ó xénero. En tanto que elementos sintácticos, serven, dun lado, para marcar relacións sintácticas entre palabras. Doutro lado, o feito de que Masc e Fem sexan entidades de natureza sintáctica significa tamén que deben adxudicarse a outras unidades que sexan da mesma natureza, o que implica que as propiedades están subordinadas a etiquetas sintácticas do tipo Subs, Adx, Pron. Podemos representar a natureza sintáctica das propiedades por medio dunha fórmula como [Subs [Masc]], que quere indicar que un Subs posúe a propiedade morfosintáctica Masc. Se levamos este último postulado ata as súas últimas consecuencias, cumprirá sinalar que Masc e Fem son trazos que se vencellan á etiqueta Subs e non forman parte de ningún tipo de significado. Desta maneira, Masc nas unidades sintácticas Subs indica un tipo de esixencia combinatoria, de concordancia, que outras unidades sintacticamente relacionadas coa unidade Subst deben cumprir. O feito de que en galego os substantivos teñan unha propiedade Masc ou Fem significa que os adxectivos e os determinantes relacionados con estes substantivos deben levar tamén esta propiedade, i.e., deben concordar en xénero:

- | | | |
|-----|---------------------------|-----------------------------|
| (5) | a) O neno feo | d) A nena fea |
| | b) O sal gordo | e) A cor vermella |
| | c) Un camarada socialista | f) Unha camarada socialista |

As frases nominais de (5a,b,c) móstrannos como as unidades [Subst [Masc, Sing]] *nenos*, *sal* e *camarada* imponen a súa concordancia a determinantes e adxectivos, con independencia de: a) se a propiedade Masc pode ser vinculada a algún tipo de expoñente na forma de palabra (*nenos* en 5a fronte a *nena* en 5d) ou non se pode establecer tal vinculación (*sal* en 5b fronte a *cor* en 5e); e b) se a propiedade se pode vencellar dalgún xeito a un contido tipo 'macho/femia' (coma en *nenos* en 5a e *nena* en 5d) ou non (coma *sal* en 5b e *cor* en 5e).

Por outra parte, que a propiedade morfosintáctica xénero sexa *inherente* ós substantivos e que unha entrada léxica coma *leite* seleccione Masc e outra entrada léxica coma *fonte* seleccione Fem, sen máis condicionamento ca ser esa entrada léxica e non outra, introduce o xénero no léxico, o que non significa que torne esta categoría en derivacional, pois xa sabemos doutras particularidades sintácticas das entradas léxicas (a clase de palabra, rexer tal preposición, ter tal marco de subcategorización), que non deixan de ser sintácticas por vir lexicamente condicionadas, e que o lexicón é o listado de formas imprevisibles.

Polo tanto, unha diferenza fundamental entre, digamos, Masc en *sal* e P1 Sing Ind Pret en *comín* é que a propiedade de xénero no substantivo non se recibe por ningunha regra, senón que forma parte da entrada léxica {'sal' [Subs[Masc]] /sal/}, está lexicamente determinada, mentres para o verbo *comín* podemos pensar nunha base {'comer' V /kome/}, non especificada para ningunha propiedade morfosintáctica, que recibe as propiedades en virtude dun contexto sintáctico. O xénero nos substantivos é inherente; o modo, tempo, número e persoa dos verbos non. Digo que o contexto é sintáctico porque é unha determinada posición sintáctica a que permite a aparición das propiedades morfosintácticas de tempo: só aparecen formas coma *comín*, *como* ou *comerei* nas posicións sintácticas que poden ocupar estas formas verbais: unha FV dunha oración principal (*comín carne*) ou dunha subordinada introducida por conxunción (*dixo que comín carne*), pero non unha FV, por exemplo, que aparece como constituínte inmediato no interior dunha FPrep (*despois de comer carne*). Só des que o verbo está nunha posición sintáctica pode cargar coas propiedades permitidas nesa posición.

Creo que, de feito, esta concepción concorda coa de Lagares (2003: 28-30) e mesmo explicita formalmente mellor a súa definición de *morfema de xénero* (no meu caso, propiedade) que non se debe confundir cos *morfes* en que se realiza nin co posible contido semántico que axude a vehicular nos substantivos caracterizados como [+animado].

4. AS RELACIÓNS DE 'MACHO' ~ 'FEMIA' CON MASC ~ FEM

É fácil afirmar que *mar*, *sal*, *sangue*, *fonte* teñan un xénero inherente, seleccionado lexicamente: de feito, non cabe outra posibilidade. Porén, en parellas coma *nen* ~ *nena* ou *conde* ~ *condesa* resulta máis difícil manter esta afirmación. Dun lado, parece existir unha correlación clara entre xénero e sexo, de modo que Masc aparece asociado a 'macho' e Fem a 'femia'; aínda que esta afirmación vale tamén para parellas coma *home* ~ *muller* ou *boi* ~ *vaca*. Doutro lado, existe unha relación fonolóxica e conceptual clara entre *nen* e *nena*, *conde* e *condesa*, mentres que entre *boi* e *vaca* ou entre *home* e *muller* só existe unha relación conceptual. Estes dous feitos poden lóxicamente movernos a pensar que, dalgún xeito, *nen* e *nena* poden ser obtidos a partir dunha entrada léxica básica, constituída pola raíz /nen/, unha base léxica sen especificación de sexo e unha base sintáctica sen especificación de xénero. En (6) represento esta relación:

(6)

Base subespecificada	'ser humano inmaturo' [Subs[]] /nen/	
Formas derivadas	'ser humano inmaturo macho' [Subs[Masc]] /nen/ + /o/	'ser humano inmaturo femia' [Subs[Fem]] /nen/ + /a/

Polo tanto, podería pensarse que existe un proceso que introduce os elementos que faltan nos diferentes niveis de representación. Precisamente porque esta situación se produce

só cun grupo dos substantivos da clase [+animado], porque se produce por meo de diversos medios formais (pensemos en *irmán ~ irmá*, *paspán ~ paspana*, *ladrón ~ ladroa*, *conde ~ condesa*, *emperador ~ emperatriz*, *director ~ directora*, *galo ~ galiña*) e porque ten repercusións conceptuais, existe a dúbida de se estamos ante un proceso flexivo ou derivativo. De feito, se se desen procesos coma os de resumidos en (6), creo que habería que consideralos primariamente derivativos e non flexivos (véxase Booij 1994, quen tamén afirma este tipo de propiedades inherentes que teñen algo de derivativo).

Así por exemplo, Lagares (2001: 180) afirma que nestes casos “o morfema de xénero expresa diferenza de sexo, mudando por tanto o significado conceptual dos substantivos, o cal semella aproximar esta categoría da morfoloxía derivacional”. Pero para Lagares esta consideración derivacional da adxunción de xénero nesta clase de substantivos é problemática pola “imposibilidade de establecer cál é o termo primario de onde parte a derivación. Isto é, en qué dirección se realiza o proceso, pois non é posíbel afirmar que o feminino se deriva do masculino” (p. 181; véxase tamén 2003: 39). Ora ben, esta dificultade é só aparente, pois como acabo de sinalar, sería máis correcto partir dunha forma subespecificada coma a de (6) que recibe na derivación as súas especificacións conceptual, sintáctica e fonolóxica. Polo tanto, a dirección da derivación iría de *subespecificación* a *especificación*.

A mesma obxección presenta para aqueles substantivos que remiten a obxectos con diferenzas de tamaño, do tipo *espeto vs. espeta*, *barazo vs. baraza*. Porén, se tamén aquí houbera un proceso, este debería ser derivativo; e podería tamén partirse dunha forma subespecificada. Con todo, debería chamarnos a atención que o masculino exprese nuns casos menor tamaño (*vasoiro*) e noutros tamaño maior (*barazo*); do mesmo xeito, que o feminino unhas veces se asocie a tamaño menor (*espeta*) e outras a a tamaño maior (*chouriza*). Isto fai imprevisible a asociación dun xénero a un tamaño e parece invalidar a ligazón biunívoca entre un xénero concreto e un tamaño concreto. Máis aínda, como sinalan Álvarez / Xove (2002: 398), que prefiren situar as diferenzas que xeban estes substantivos no ámbito da derivación:

A relación entre os membros destes pares sepárase tamén da que existe entre os membros da categoría de xénero pola ausencia de membro extensivo e membro intensivo da oposición e pola súa diferente morfoloxía, pois non hai substantivos sincréticos e a morfoloxía redúcese case exclusivamente ós morfos |o| e |a|. As clases de xénero masc. e fem. funcionan, xunto coas vocais |o| e |a|, como marcas de derivación duns subst. que se diferencian por trazos semánticos de tipo cuantitativo⁷.

Pola súa parte, Lagares sitúa á parte o caso do xénero asociado a cambios nos valores [\pm animado] coma en *o canteiro vs. a canteira*, [\pm abstracto] coma en *a química vs. o químico*, [\pm colectivo] coma en **a leña vs. *o leño*, que para el si “parece encaixar no paradigma da derivación. Neste sentido, o morfe feminino acrecenta á súa base o mesmo sentido colectivo que o sufixo *-axe* en *leño* \rightarrow *leña* (*folla* \rightarrow *follaxe*)”. A razón, verdadeiramente non explicitada, parece ser que nestes casos si parece fácil sinalar unha dirección de derivación: *a química* \rightarrow *o químico*. En todo caso, esta derivación non está completamente vencellada ó xénero, pois o que temos é unha derivación *a química* ‘ciencia’ \rightarrow *o/a químicoV* ‘persoa que desenvolve unha ciencia’, onde *V* está por /o/ ou /a/, e que pode referirse a un home, *Luís traballa de químico*, ou a unha muller, *María traballa de química*. Creo que nestes casos é máis fácil falar de *conversión* (ou se se quere, de *morfo* \emptyset) e unha posterior flexión de xénero da unidade resultante. En consecuencia, para Lagares (2003: 39):

⁷ Para estes autores, só os substantivos do tipo *нено ~ nena* teñen a categoría xénero, pois neles existe oposición semántica e formal. O termo *extensivo* pode referirse a seres machos e femias, e o termo *intensivo* só ós machos ou só ás femias.

O morfema de xénero ten, cando proporciona ao nome un significado lexical determinado, un carácter mixto; pois nestes casos, sen perder o seu significado gramatical, que lle permite establecer relacións de concordancia, pode actuar tamén *como un sufixo derivacional*.

Aquí, convén sinalalo claramente, insístease outra vez no carácter sufixal do xénero e na súa consideración de morfema que se engade, de modo que cambia algo, mostrando unha prioridade ou anterioridade formal sobre a semántica; no meu modelo descritivo, non existe tal precedencia: a información sobre xénero e sexo coexisten sempre e ningunha antecede á outra.

Pola súa parte Alina Villalva (2000: 212) considera “a flexão é um processo obrigatório e sistemático, que afecta de um mesmo modo, todas as formas pertencentes a uma dada categoria sintáctica”. Tendo isto presente, para ela o xénero non é unha propiedade flexiva do portugués (nin o sería do galego) precisamente porque é un proceso que non afecta por igual a *tódolos* substantivos, fronte ó que sucede co número, que é unha categoría morfosintáctica que afecta, practicamente, a *tódolos* substantivos:

Os contrastes de género não afectam a totalidade dos adjectivos (cf. *leve, apreciável*), nem a totalidade dos nomes (cf. *pente, criança*), ou seja, não são obrigatórios e a sua realização não é sistemática. A variação em género está limitada ao conjunto dos adjectivos variáveis (cf. *novo/nova; inovador/inovadora*) e a um subconjunto dos nomes que referem entidades animadas (cf. *menino/menina; gato/gata*), podendo ser realizada lexicalmente (cf. *novo/nova; menino/menina; (o/a) jornalista; homem/mulher*), ou morfológicamente (cf. *conde/condessa, águia-macho/águia-fêmea*) (Villalva 2000: 212-213).

Há argumentos que permitem defender que, em Português, a realização dos contrastes de género não pode ser atribuída à flexão, e que se relacionam coma a constatación de que a variação de género não é obrigatória, nem sistemática. Quanto à não obrigatoriedade [...] [n]os nomes, que possuem obrigatoriamente uma especificação de género [...], a variação é semântica e lexicalmente condicionada [...] afectando apenas nomes que referem entidades animadas [...]. Quanto à assistemática [...], os nomes [...] dispõem de um maior número de possibilidades [para expresar os contrastes de xénero]: para além de palavras que partilham o mesmo radical mas pertencem a diferentes classes temáticas (cf. *menino/menina*), os contrastes poden ser realizados por derivação (cf. *conde/condessa*) ou por composición (cf. *águia-macho/águia-fêmea*), ou ainda lexicalmente, por pares de palabras morfológicamente não-relacionadas (cf. *homem/mulher*) (Villalva 2000: 219).

Polo tanto, o xénero non pode ser flexivo nos substantivos porque, en primeiro lugar, non se aplica vía proceso de modo xeral a *tódolos* substantivos: na inmensa maioría dos substantivos non se escolle entre unha forma masculina e feminina, como si se escolle número, persoa, modo e tempo nos verbos, pois os substantivos teñen unha soa forma masculina ou feminina; e, en segundo lugar, exprésase, ademais, por diferentes medios e non, coma nos verbos, dun xeito único. En consecuencia,

Tendo sido demonstrado que a variação em género não é obrigatória e que pode ser realizada por processos morfológicos (derivação ou composição) ou por contrastes lexicais, pode concluir-se que o género, nos nomes, não é uma categoria de flexão, mas sim uma categoria morfo-sintáctica cuja especificação é lexicalmente determinada ou resultante da intervenção de um proceso morfológico não-flexional (Villalva 2000: 233).

A primeira dificultade, no entanto, creo que provén de desvalorizar o feito reiterado de que *tódolos* substantivos, sen excepción, presentan un xénero, de modo que non pode existir unha categoría máis xeral nunha clase de palabras; a inmensa maioría dos substantivos non adquire o xénero vía proceso (insisto: se é que algún substantivo adquire o xénero vía

proceso), pero esa particularidade non se refire ó xénero en si e á súa función principal (que sempre cumpre en tódolos substantivos: a concordancia), senón a como se comporta nalgúns substantivos, como se adquire ou por que está presente noutros.

No que se refire á segunda dificultade, a asistematicidade formal, Álvarez / Regueira / Monteagudo (1986: 64), Villalva (2000: 219) e Lagares (2000, 2001) falan de morfos derivativos para indicar o xénero en palabras coma *galiña, condesa...* Con todo, unha cousa é usar para a flexión un sufixo habitualmente caracterizado como derivativo porque se usa fundamentalmente en procesos derivativos e outra moi distinta considerar que a inserción de xénero sexa un proceso derivativo porque para este fin se usa un destes sufixos: isto é confundir a flexión e os medios empregados para marcala. No primeiro caso, derivativo é unha etiqueta que se aplica a un sufixo; no segundo, derivativo é un proceso que se aplica a adxunción de xénero, información sexual e o proceso morfofonolóxico estrito. Neste sentido, Villalva afirma que “alguns contrastes de género são realizados por composição. Este é um processo frequente no domínio dos chamados nomes epicenos” (p. 230), referíndose a casos coma *abutre macho* vs. *abutre fêmea*. Porén, o que realmente comprobamos nestes casos non é flexión de xénero (información sintáctica), senón un xeito de indicar o sexo (información conceptual) por medio dun proceso de composición. Quizais haxa un conflito entre o “género gramatical e o sexo da entidade referida”, pero, desde un punto de vista sintáctico (gramatical, se se quere) *águia macho* é tan feminino coma *águia*, pois ámbalas dúas palabras requiren concordancia feminina (*a águia* e *a águia macho*); como a autora sinala, o composto, que é endocéntrico, herda o xénero do núcleo, e isto explica que *macho* en *águia macho* ou *cobra macho* tampouco concorden en número co núcleo do composto nin cos elementos da FN en que se integra o composto: *as aguias macho son máis pequenas cás aguias femia*; as propiedades morfosintácticas de *macho* non están operativas no composto. É o núcleo do composto quen impón a súa concordancia, tanto de xénero coma de número.

Neste mesmo sentido, as formacións *a muller policía* vs. *o policía* ou *a muller soldado* vs. *o soldado*, que Ambadiang (1999: 4854) considera “con expresión formal de la oposición de género en los nombres animados” e polo tanto aparentemente relacionadas por flexión, non deben considerarse distintas, como el fai, de *águia macho*. Desde un punto de vista morfolóxico, seguimos estando ante un composto endocéntrico en que *muller* é o núcleo, polo que impón o seu xénero; a súa formación é idéntica á de *nenos soldados* ou, no feminino, á de *nena soldado*.

En todo caso, tanto a proposta de Lagares coma a de Villalva presentan, desde o meu punto de vista, un problema ó centrar o seu interese máis en como se introduce o xénero ou como se expresa, e ó organizar a clasificación do xénero desde esta perspectiva. No caso de Lagares, lévao a dividir a natureza unitaria do xénero en categorías diversas: nuns casos, o xénero resulta flexivo, noutros derivativo; nunha categoría de natureza unitaria que aparece en todos e cada un dos substantivos e en todos opera cos mesmos resultados disparando procesos de concordancia (eis as razóns da unidade da categoría) resulta incluída en dous polos morfolóxicos distintos. En canto á proposta de Villalva, alén dos problemas sinalados, levanta outro máis: deixa o xénero nunha especie de limbo, pois pasa de ser unha categoría morfosintáctica flexiva a ser “una categoría morfo-sintáctica cuja especificação é lexicalmente determinada ou resultante da intervenção de um proceso morfológico não-flexional”; en todo caso, un proceso morfolóxico indefinido. Deste xeito, para explicar o xénero precisa tomar un novo tipo de categoría, i.e., crear un novo tipo de unidade teórica, o que supón un encarecemento innecesario da teoría. Máis aínda, unha categoría que se comporta do modo unitario que acabo de describir (afecta a tódolos substantivos e dispara procesos de concordancia) pasa a ser xebrada en flexiva nos substantivos animados do tipo *nenos* ~ *nena* e unha propiedade non flexiva, confundindo o xeito en que se adquire unha categoría coa función que realiza.

Na visión que eu defendo, o xénero é unha categoría morfosintáctica flexiva simplemente porque dispara procesos de concordancia, considerados sintácticos, aínda que non se reci-

ba por medio de ningún proceso e estea almacenada desde o principio na entrada léxica, do mesmo xeito que está almacenada desde o principio outra información sintáctica, coma a categoría sintáctica Subs, ou a representación fonolóxica /mar/. De feito, o xénero é parte da información sintáctica que cargan as entradas léxicas dos substantivos. Polo tanto, aínda que en *mar* non hai un proceso de flexión (entendendo por tal a introdución dunha propiedade morfosintáctica antes ausente), é unha entrada léxica flexionada, pois contén unha categoría flexiva *inherente*.

Nos substantivos animados con contraste de xénero, do tipo *nenno* ~ *nenha*, a propiedade morfosintáctica de xénero podería deixar de ser considerada inherente ó substantivo (unha visión contraria aparece en Matthews 1991) e atribuírse a súa presenza a un proceso de adxunción: dado 'ser humano inmaturo', se 'macho', logo {[Subs[Masc]] /nenno/}; se 'femia', logo {[Subs[Fem]] /nenha/}. Este tipo de adxunción é diferente á de Ind ou Pres nos verbos: mentres que a restrición na selección das propiedades no caso dos verbos son primeiramente sintácticas, a restrición nestes substantivos é conceptual. Todo substantivo debe ter Xénero, sexa Masc ou Fem; mais en palabras coma *nenno* escolleríase Masc en virtude do contexto conceptual: se 'macho', logo Masc; porén, non todo verbo ten que seleccionar unha propiedade morfosintáctica da cateoría Tempo (Pres, Fut ou Pret), senón que estas propiedades só poden aparecer onde estea permitida a presenza de formas persoais dos verbos (*quero que vaías*) e non onde se esixan formas non persoais (*quero ir*). É inelutable que as propiedades Pres, Pret ou Fut están vencelladas a contidos conceptuais temporais e son décticas e referenciais (Booj 1994), pero a súa presenza debe estar licitada pola posición sintáctica en que se encontre o verbo.

Para considerar a adxunción de xénero nos substantivos un fenómeno derivativo, nada terían que ver a selección do expoñente morfolóxico (/a/, /esa/, etc.), pois *facen* selecciona diferentes expoñentes morfolóxicos na súa flexión (*fago, fas, facemos, fixen*); nin a falta de xeneralidade do proceso (que só algúns substantivos contrasten unha forma masculina e outra feminina), senón os feitos de que o contexto que explica a presenza dun xénero concreto é conceptual e de que o proceso afecte a representación conceptual, sintáctica e fonolóxica⁸.

En todo caso, se o xénero se recibise por vía derivativa non se anularía o seu carácter primordialmente sintáctico e, polo tanto, flexivo. Tanto se *nenno* está almacenado integramente no lexicón como 'ser humano inmaturo macho' [Subs[Masc]] /nenno/, coma se recibe o xénero por un proceso coma o descrito en (6), de modo que a unha base subespecificada 'ser humano inmaturo' [Subs[]] /nen/ se lle engade un morfema (no sentido clásico do termo) tal que 'macho' Masc /o/, o xénero segue cumprindo a mesma función básica ca en *mar, sal* etc.: impor unha concordancia ós elementos sintácticos con que se relaciona o substantivo. Do mesmo modo, un proceso derivativo pode construír un verbo a partir dun substantivo: neste proceso, o que se muda, alén doutros riscos, é unha etiqueta sintáctica Subs por outra V. A única diferenza entre *mar* e *irmán* é que nesta última palabra o xénero aparece relacionado cunha información conceptual de sexo, algo que por certo tamén sucede na oposición *home* ~ *muller, boi* ~ *vaca*; e algo que, como veremos, se suspende nas mal chamadas neutralizacións de xénero en que desaparece a información conceptual pero se mantén a sintáctica. De feito, o inglés móstranos unha lingua que introduce información sobre o sexo, pero non sobre o xénero (*waiter, waitress*).

Se o léxico é o lugar en que conflúe a información sintáctica, conceptual e fonolóxica dunha palabra, non nos debería estrañar tal amálgama de información. Á hora de explicar por que aparecen na lingua parellas coma *nenno* ~ *nenha* ou *home* ~ *muller*, cómpre recordar o que sinala Joan Bybee (1985: 13): existen significados que poden ser altamente relevantes uns

⁸ Incluso, o xénero debiera ser unha categoría flexiva desde a perspectiva funcionalista de Joan Bybee (1985): todos e cada un dos substantivos teñen xénero; na maioría dos substantivos, o xénero ten un significado tan abstracto que incluso carece de significado; e nos substantivos en que o xénero expresa algún significado, este é 'macho' ou 'femia', polo tanto, dunha xeneralidade tal que non supón unha profunda modificación semántica na base.

para os outros; estes significados tenden a aparecer unidos na expresión, ben a través dunha expresión *monomorfémica*, ben mediante a combinación de dous *morfemas*. Deste xeito, dado que ‘macho/femia’ resultan trazos semánticos moi relevantes para ‘ser humano’, a súa combinación ‘ser humano macho’ ou ‘ser humano femia’ exprésanse coa entrada léxica *home* e *muller*, respectivamente; o mesmo vale para a combinación conceptual ‘ser humano inmaturo macho’, que se expresa por medio da combinación morfémica *nenó* (fronte a *nena*, ‘ser humano inmaturo nena’). Este fenómeno chámase *relevancia* e, segundo a autora, depende de factores culturais ou cognitivos:

No matter to what extent an entity, event or quality is descomposable into semantic features, if it is perceived as discrete from surrounding entities, events or qualities, it can have a lexical item applied to it. So two semantic elements are highly relevant to one another if the result of their combination names something that has high cultural or cognitive salience (Bybee 1985: 13-14).

É fundamental insistir en que a relevancia non predí nin supón que un elemento conceptual deba ter unha expresión monomorfémica ou morfémica nunha determinada lingua, senón que só sinala que elementos poderían ter tales modos de expresión (p. 13): explica, polo tanto, tendencias. Por exemplo, en galego os trazos ‘macho’ e ‘femia’ teñen relevancia elevada só para un conxunto dos seres animados, pero non para tódolos membros do conxunto: abunda comparar *home* ~ *muller*, *pai* ~ *nai*, *boi* ~ *vaca*, *can* ~ *cadela*, *carneiro* ~ *ovella*, con expresión monomorfémica; *nenó* ~ *nena*, *muradán* ~ *muradá*, *abade* ~ *abadesa*, *poeta* ~ *poetisa*, con expresión morfémica; con *formiga macho*, *xirafa femia*, *pega macho*, *corvo femia*, con expresión sintáctica. Dado que, por razóns culturais, o sexo non ten relevancia para os referentes conceptualizados como ‘corvo’, ‘formiga’, ‘antílope’, cando se lles axunta o trazo semántico ‘macho’ ou ‘femia’, a expresión dos complexos semánticos resultantes, ‘corvo femia’, ‘formiga macho’ ou ‘antílope femia’ constrúese por medio de combinacións sintácticas, axuntando dúas entradas léxicas nun composto endocéntrico co núcleo á dereita: *corvo femia*, *formiga macho* e *antílope femia*. A relevancia non actúa só no marco do sexo: por exemplo, xorde no ámbito da causatividade por meo de parellas coma *matar* e *morrer*, *caer* e *tirar*, *marchar* e *botar*, no ámbito da comparación, por meo de parellas coma *malo* e *peor* ‘máis malo’ ó lado de *bo* e *mellor* ‘máis bo’ ou *pequeno* e *menor* ‘máis pequeno’ ó lado de *grande* e *maior* ‘máis grande’ (que, efectivamente, na lingua común poden ser expresadas por medio de FN: *máis malo* ou *máis bo*).

Nótase que a relevancia se refire a unha propiedade ou trazo semántico e á súa expresión no ámbito da palabra, pero en principio non nos obriga a asociar un xénero sintáctico a unha propiedade conceptual nin nos fala da posibilidade de expresión da propiedade conceptual por outros medios. Dun lado, percibimos en *home*, *boi*, *nenó* e en *muller*, *vaca*, *nena* unha asociación clara entre Masc e ‘macho’ e Fem e ‘femia’, pero é posible que existan palabras coma *mullerón*, cun xénero Masc asociado a un sema ‘femia’. Doutro lado, pensemos en palabras coma *o/a anarquista* ou *o/a camarada*, en que existe un sema relevante asociado a un xénero pero carente de expresión no seo da palabra, pois o conxunto Masc-‘macho’ e Fem-‘femia’ só se expresa a través da concordancia, polo tanto, cun recurso sintáctico, pero en que tanto a información conceptual do sexo coma a sintáctica do xénero carecen dun segmento de expresión no ámbito da palabra.

Por outra parte, sinala Ambadiang (1999: 4856-4857) con respecto á gramática do español que o xénero dalgúns substantivos que non se refiren a seres inanimados está “semanticamente motivado” e é previsible. Refírese a casos coma as marcas de coches, que son masculinas: *o Seat*, *un Fiat*, *o Porsche*; os meses do ano: *un xaneiro húmido*, *un xullo seco*; os nomes das letras e dos números... Ambadiang explica a previsibilidade semántica destes substantivos do seguinte xeito:

Los nombres inanimados de género semántico tienden a agruparse en clases más o menos extensas e irregulares basadas en algún aspecto de la realidad o del contenido del propio nombre. En la mayoría de los casos, la información semántica y cada una de las clases establecidas a partir de ella suelen estar asociadas a un nombre genérico, cuyo género se extiende a todos los nombres incluidos en la clase que le corresponde (1999: 4856).

Ora ben, unha cousa é que sexa previsible por os substantivos manteren unhas relacións paradigmáticas especiais; outra é que sexa motivado. É posible afirmar que nestes casos o xénero sexa predicible e que, polo tanto, poida ser adquirido por vía de regra. Non vou entrar agora neste particular. O que si está claro é que neste caso, a relación entre os xéneros Masc ou Fem e o contido conceptual non é de ningún xeito similar á que se establece entre xénero e sexo en parellas coma *neno* vs. *nena*. É posible na competencia lingüística do falante exista unha condición tal que “se ‘mes do ano’, logo Masc”, de modo que o xénero se faga predicible a partir do contido conceptual ‘mes do ano’; pero non se pode esquecer que o concepto ‘mes’ da locución ‘mes do ano’ existe como entrada léxica independente ligado a un xénero Masc e a unha representación fonolóxica: {[Subs [Masc]] ‘mes’ /mes/}, e é de aquí de onde *xaneiro* toma o xénero masculino: *O mes de xaneiro foi húmido* > *O (mes de) xaneiro foi húmido*. E esta condición parece dificilmente semántica, pois inclúe unha representación semántica, ‘mes’, e unha representación sintáctica, [Subs[Masc]] (alén dunha máis ca segura representación fonolóxica /mes/). Parece máis ben unha condición léxica.

A entrada léxica *nena* contén a propiedade Fem na representación sintáctica porque a súa representación conceptual contén o concepto ‘femia’; e contén o concepto ‘femia’ na representación conceptual porque contén a propiedade Fem na representación sintáctica. Como no caso de *nena*, a entrada léxica *Kawasaki* contén a propiedade Fem na súa representación sintáctica porque a súa representación conceptual contén o concepto ‘moto’; pero, a diferenza de *nena*, *Kawasaki* non contén o concepto ‘moto’ na súa representación conceptual porque conteña a propiedade Fem na súa representación sintáctica. En *nena*, o concepto ‘femia’ e a propiedade Fem manteñen unha relación directa biunívoca; pola contra, *Kawasaki* é Fem porque *moto* é Fem; e *moto* é Fem porque *motocicleta* é Fem, e *motocicleta* é Fem, quizais, porque *-cicleta* (*bicicleta*) o é⁹; e *-cicleta* é Fem quizais pola súa terminación en /a/ (comparar con *triciclo*), pero non por un risco extralingüístico: nada hai nunha motocicleta nin nunha *Kawasaki* que poida explicar Fem, como si hai nunha *nena* riscos que poden explicar ‘femia’ e de aí Fem.

Por outra parte, en galego dise:

- a) Vexo unha moto Kawasaki
- b) Vexo unha Kawasaki
- c) Vexo unha nena

Pero, non se di (polo menos, nun contexto lingüístico e pragmático idéntico ó de c):

- d) Vexo unha femia nena.

5. XÉNERO E SEXO. AS NEUTRALIZACIÓNS

Ata agora levo insistindo en que Masc e Fem son propiedades morfosintácticas que forman parte da representación sintáctica do léxico e que ‘macho’ e ‘femia’ son trazos semánticos que forman parte da representación conceptual. Calquera entrada léxica etiquetada sintacticamente como Subs debería, en galego, conter unha propiedade morfosintáctica da categoría

⁹ Segundo Machado (1971, s.v. *moto*) “Do fr. *moto*, abrev. de *motocyclette*. Há a var. *mota*”; (*ibidem*, s.v. *motocicleta*): “Do fr. *motocyclette*, formado sobre *bicyclette*, onde o *bi-* foi substituído por *moto-*, tirado de *moteur* com o como en *auto*-Sec. XX”; (*ibidem*, s.v. *triciclo*): “Do fr. *tricycle*. 1890”.

xénero; neste traballo non podo aclarar se defendo que esta propiedade sexa sempre inherente ou que se reciba por vía dun proceso. En todo caso, só unha parte dos substantivos que contan co trazo semántico [+animado] contrasta formas que significan ‘macho’ ou ‘femia’ en parellas coma *nenos* ~ *nenas* ou *galos* ~ *galiñas*. Todo isto quere dicir, en primeiro lugar, que Masc e Fem non son significados e, en segundo lugar, que Masc e Fem non van xeralmente asociados a ningún significado. Isto é o que mostran as representacións sintácticas e conceptuais de parellas coma *mar* vs. *dor*, *home* v.s. *muller*, *nenos* v.s. *nenas* fican como seguen:

(7a)	<i>mar</i> 'mar' [Subs [Masc]] /mar/	<i>dor</i> 'dor' [Subs [Fem]] /dor/
(7b)	<i>home</i> 'ser humano macho' [Subs [Masc]] /ome/	<i>muller</i> 'ser humano femia' [Subs [Fem]] /mujer/
(7c)	<i>nenos</i> 'ser humano inmaturo macho' [Subs [Masc]] /nenos/	<i>nenas</i> 'ser humano inmaturo femia' [Subs [Fem]] /nenas/

En (7a) aparece unha parella de entradas léxicas Subs non animadas, en que non figura información sobre o sexo na representación conceptual, pero si información sobre o xénero na representación sintáctica.

En (7b) aparece unha parella de entradas léxicas etiquetadas como Subs e co trazo semántico [+animado] en que a expresión dos trazos semánticos ‘macho’ e ‘femia’ aparecen nunha expresión monomorfémica.

En (7c) mostro como presentar a relación morfolóxica do xénero nunha parella de entradas léxicas co trazo [+animado] nas que existe unha relación entre Masc, ‘macho’ e /o/, dun lado, e Fem, ‘femia’ e /a/ do outro.

Cando se producen neutralizacións en (7b) e (7c), só afectan ós trazos ‘macho’/ ‘femia’ e non ás propiedades morfosintácticas, que seguen operativas. Isto demostra que as neutralizacións son procesos que non teñen relación directa coa flexión tal e como aquí é entendida e que pertencen ó nivel conceptual; e demostra tamén a autonomía que existe entre o nivel de representación conceptual e o nivel de representación sintáctico. Vexamos uns exemplos:

- (8)
- a) Os nenos deste colexio xogan no patio
 - b) Antes da aparición do home no planeta
 - c) ¡Mira cantas ovellas!

As expresións de (8a,b,c) son anfibolóxicas. (8a) pode referirse só a (α) un conxunto concreto de ‘seres humanos inmaturos macho’ (*os nenos xogan no patio e as nenas no ximnasio*); ou (β) simplemente un conxunto de ‘seres humanos inmaturos’ (*tódolos nenos e nenas deste colexio*). Só o contexto pode desambiguar a expresión. Nada na sintaxe nin na fonoloxía muda: tanto se (8a) significa (α) coma se (β), *nenos* é sempre Masc e esixe concordancias nestes termos. En (9) represento as dúas configuracións.

(9)	<i>nenos</i> (α) 'ser humano inmaturo macho' [Subs [Masc]] /nenos/	<i>nenas</i> (β) 'ser humano inmaturo' [Subs [Masc]] /nenas/
-----	---	---

Como se pode apreciar, a neutralización elimina o trazo 'macho' da representación conceptual, o que supón que se perda a relación de coindexación de Masc e 'macho' sen que a propiedade morfosintáctica se perda nin deixe de estar operativa. Dada a subespecificación conceptual para o sexo, a configuración conceptual 'ser humano inmaturo' de (β) pode referirse tanto ós nenos coma ás nenas, pois todos comparten os trazos 'ser humano inmaturo'. Porén, a permanencia de Masc correspóndese, dun lado, coa presenza de /o/ na representación fonolóxica e, máis importante aínda, coa concordancia de *nenos* co artigo definido. Polo tanto, cando se produce neutralización en palabras coma *nenos*, Masc deixa de manter unha relación de coindexación con 'macho' pero segue a manterse a relación de coindexación entre Masc e /o/. Segundo Roca (2005/2006), que presenta unha análise distinta desta, a relación de coindexación entre 'macho' e Masc é pragmática e non gramatical, pois depende do contexto.

Unha situación similar acontece con (8b). Como mostro en (10), nos casos de neutralización 'macho' desaparece da representación conceptual, polo que *home* (β) pode referirse a 'seres humanos macho' e a 'seres humanos femia'; o resultado da neutralización, porén, non implica a desaparición de Masc, que segue expresándose por meo da concordancia, nin supón un cambio na representación fonolóxica da entrada léxica, que segue sendo /ome/. Neste caso, Masc non está aparentemente coindexado con ningún segmento fonolóxico, senón coa palabra enteira.

(10)	<i>home</i> (α)	<i>home</i> (β)
	'ser humano macho'	'ser humano'
	[Subs [Masc]]	[Subs [Masc]]
	/ome/	/ome/

Finalmente, (8c) móstranos que non sempre é Masc a propiedade que se mantén nos contextos de neutralización, feito sobre o que xa teñen chamado a atención Álvarez / Xove (2002: 395). Así, en animais domésticos coma as *ovellas*, as *galiñas* e as *cabras* a configuración neutralizada (β) escolle Fem e a representación fonolóxica que se lle aplica á femia, e non Masc e a representación fonolóxica que se lle aplica ó macho: as *galiñas* dun galiñeiro inclúen o *galo* (e.g., *voulle dar de comer ás galiñas*) e as *cabras* e *ovellas* dun prado inclúen os *carneiros* e os *cabróns*. Deste modo, o exemplo de (8c) tamén é anfíboloxico, pois pode referirse só ás femias ou a un conxunto de femias que inclúe algún macho.

(11)	<i>ovella</i> (α)	<i>ovella</i> (β)
	'ovella, femia' ¹⁰	'ovella'
	[Subs [Fem]]	[Subs [Fem]]
	/obeja/	/obeja/

As razóns de que nestes casos se escolla o feminino proveñen de que neste tipo de animais é común posuír máis femias ca machos, de modo que, quizais, as femias se tornan o prototipo do animal. En todo caso, razóns extralingüísticas que demostran que tamén Fem pode aparecer nos contextos de neutralización xerando os seus procesos de concordancia sintáctica, igual ca Masc. Isto torna a demostrar a independencia que se dá entre a representación conceptual e a representación sintáctica. E mostra tamén que o que se neutraliza é a oposición entre os semas 'macho' e 'femia', non a oposición entre as propiedades morfosintácticas Masc e Fem, que seguen operativas nos contextos de neutralización.

Polo tanto, a neutralización tórnase nun xeito de construír hiperónimos adxudicando á base conceptual común de dous conceptos a representación sintáctica e a representación fonolóxica dunha das entradas léxicas do conxunto. A neutralización será posible se se detectan

¹⁰ Con 'ovella' quero representar o conxunto de trazos semánticos que constitúen o concepto, fóra de 'femia', que extraio e poño á parte.

unha serie de riscos conceptuais comúns. No caso de *cabaleiro* v.s. *dama* que comenta Lagares (2000: 69), quizais non é posible ningunha neutralización pola carga cultural que adquiren os termos *cabaleiro* e *dama*. En todo caso, existen outras formas intensionalmente distintas pero extensionalmente similares que engloban *cabaleiro* e *dama*: *os nobres* ou *a nobreza*.

6. CONCLUSIÓNS

Neste traballo defendín que o xénero é nos substantivos unha propiedade morfosintáctica inherente, i.e., que forma parte da representación básica da entrada léxica; en tanto que propiedade morfosintáctica e debido á súa función sintáctica, é unha característica primariamente flexiva: a presenza dun xénero concreto nun substantivo repercute, por medio da concordancia, na forma dos seus determinantes e modificadores, determinando a extensión da unidade sintáctica da que é núcleo. Nalgúns dos substantivos referidos a determinados seres animados existe unha correlación produtiva entre a información sintáctica de xénero Masc e a conceptual de sexo 'macho', dun lado, e a sintáctica de xénero Fem e a conceptual de sexo 'femia', doutro. En virtude dos elementos conceptuais que se introducen nestas parellas e de que nestes casos parece darse unha elección entre Masc e Fem que non existe nos substantivos inanimados, poderíase defender que existe unha relación de derivación entre *nenos* e *nenas* ou *abadeses* e *abadesas*. Con todo, esta correlación non afecta ó carácter basicamente flexivo e sintáctico do xénero: en primeiro lugar, non se dá en tódolos substantivos (como si se dá o fenómeno sintáctico da concordancia), senón só nuns poucos dunha clase semántica concreta; en segundo lugar, esta asociación suspéndese nas neutralizacións, en que o substantivo deixa de ofrecer información conceptual sobre o sexo do referente pero segue a existir unha determinada concordancia sintáctica, o que mostra que segue operativa a información sintáctica. De feito, se estes substantivos recibisen o xénero nun proceso derivativo, o xénero adquirido sería unha propiedade sintáctica flexiva, pois desde que temos xénero, temos concordancia e esta nunca se suspende.

Considero que esta visión é superior á que promoven Lagares (2003) ou Villalva (2000, 2003) porque permite manter unha visión única do xénero e non precisa de categorías ou procesos novos ou mixtos.

Agradecementos

Agradezo os comentarios con que F. Cidrás Escáneo, M. Álvarez de la Granja e J. Pena Seijas me axudaron a mellorar este traballo; os erros e insuficiencias que aquí se conteñan son só da miña responsabilidade.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Alarcos Llorach, Emilio (1994): *Gramática de la lengua española*. Madrid: Espasa Calpe.
- Álvarez, Rosario / Xosé Luís Regueira / Henrique Monteagudo (1986): *Gramática galega*. Vigo: Galaxia.
- Álvarez, Rosario / Xosé Xove (2002): *Gramática da lingua galega*. Vigo: Galaxia.
- Ambadiang, Théophile (1999): "Capítulo 74. La flexión nominal. Género y número", en Ignacio Bosque / Violeta Demonte (eds.) *Gramática descriptiva de la lengua española. Volumen 3. Entre la oración y el discurso. Morfología*. Madrid: Espasa Calpe, 484-4913.
- Anderson, Stephen R. (1988): "Morphological theory", en Frederik J. Newmeyer (ed.) *Linguistics: the Cambridge survey. Vol. 1. Linguistic theory: foundations*. Cambridge: CUP, 146-191.
- Anderson, Stephen R. (1992): *A-morphous morphology*. Cambridge: CUP.

- Aronoff, Mark (1994): *Morphology by itself. Stems and inflectional classes*. Cambridge, Massachusetts: The MIT Press.
- Beard, Robert (1987): "Morpheme order in a lexeme/morpheme-based morphology", *Lingua* 72, 1-44.
- Booj, Gert (1994): "Against split morphology", en *Yearbook of Morphology 1993*, 27-50.
- Bybee, Joan L. (1985): *Morphology: a study of the relation between meaning and form*. Amsterdam: John Benjamins.
- Culicover, P. W. / Ray Jackendoff (2005): *Simpler Syntax*. Oxford: OUP.
- Jackendoff, Ray (2002): *Foundations of Language*. Oxford: OUP.
- Lagares, Xoán Carlos (2000): "Algunhas consideracións sobre o xénero gramatical e o sexismo lingüístico en galego", *Revista galega de filoloxía* 1, 67-96.
- Lagares, Xoán Carlos (2001): "O xénero gramatical: entre o léxico e a gramática", en Xosé Luís Requeira / Alexandre Veiga (eds), *Da gramática ó dicionario. Estudos de lingüística galega*. Santiago de Compostela: USC, 173-183.
- Lagares, Xoán Carlos (2003): *O xénero gramatical en galego*. A Coruña: UDC.
- Machado, J. P. (1971): *Dicionário etimológico da língua portuguesa*. Lisboa: Livros Horizonte.
- Matthews, Peter H. (1991): *Morphology*. Cambridge: CUP.
- Roca, Iggy (2005): "La gramática y la biología en el género del español (1.ª parte)", en *Revista Española de Lingüística* 35/1, 17-44.
- Roca, Iggy (2006): "La gramática y la biología en el género del español (2.ª parte)", en *Revista Española de Lingüística* 35/2, 397-432.
- Stump, Gregory T. (1998): "Inflection", en Andrew Spencer / Arnold Zwicky (eds.) *The handbook of morphological theory*. Oxford: Blackwell, 13-43.
- Villalva, Alina (2000) *Estruturas morfológicas. Unidades e Hierarquias nas Palavras do Português*. Lisboa: Fundação Calouste Gulbenkian e Ministérios de Ciência e Tecnologia.